



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES
Expediente: Bolsas deportistas 2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA PARA O ANO 2024

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Vista a resolución do presidente número 2024 / 5098, do 12 de febreiro de 2024, pola que se aproban as Bases reguladoras das bolsas para deportistas da provincia para o ano 2024.

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP número 33, do 15 de febreiro de 2024.

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a convocatoria das bolsas para deportistas da provincia para o ano 2024, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución do presidente número 2024 / 5098, do 12 de febreiro de 2024.

Segundo. O Programa rexeráse polas Bases reguladoras do programa, que foron publicadas no BOP número 33, do 15 de febreiro de 2024 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/02/15/2024_0000001045.html).

Terceiro. O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 15 de marzo de 2024, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do Programa realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

Cuarto. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES
Expediente: Bolsas deportistas 2024

ANEXO

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria de “Bolsas para deportistas da provincia para o ano 2024 ” (BDEP- A, -B , -C, -D). O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

A presente convocatoria vai dirixida a deportistas, empadroados en calquera concello da provincia da Coruña, que practique algún deporte, en calquera das súas modalidades, incluído no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de París (<https://www.paris2024.org/en/the-paris-2024-olympic-sports-programme>) que teña carácter individual.

Establécense catro grupos:

Grupo A: 12-17 anos; persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro de 2007 (incluído).

Grupo B: 18-23 anos; persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro de 2001 (incluído).

Grupo C: 24-32 anos; persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro 1992 (incluído).

Grupo D: 33 anos ou máis; persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro de 1991.

Segundo. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles ás persoas deportistas da provincia o acceso a unha preparación integral axeitada.

Terceiro. Bases reguladoras

A convocatoria rexeráse polas Bases reguladoras, que foron publicadas no BOP número 33, do 15 de febreiro de 2024 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/02/15/2024_0000001045.html).

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 175.000,00 €, con cargo á partida 0612/3411/481 do Orzamento ordinario para 2024. As bolsas a conceder serán 50. Por un importe cada unha delas de 3.500,00 €.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base 6 das Bases reguladoras.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES
Expediente: Bolsas deportistas 2024

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e **rematará ás 14:00 horas do día 15 de marzo de 2024.**

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das bolsas rematará o 1 de abril de 2025, ás 14:00 horas.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de “ Becas para deportistas de la provincia para el año 2024” (BDEP- A, -B , -C, -D). El texto completo del programa puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

La presente convocatoria va dirigida a deportistas, empadronados en cualquier ayuntamiento de la provincia de A Coruña, que practique algún deporte, en cualquiera de sus modalidades, incluído en el programa oficial de los Juegos Olímpicos/Paralímpicos de París (<https://www.paris2024.org/en/the-paris-2024-olympic-sports-programme>) que tenga carácter individual.

Se establecen cuatro grupos:

Grupo A: 12-17 años; personas deportistas nacidas a partir del 1 de xaneiro de 2007 (incluído).

Grupo B: 18-23 años; personas deportistas nacidas a partir del 1 de xaneiro de 2001 (incluído).

Grupo C: 24-32 años; personas deportistas nacidas a partir del 1 de xaneiro 1992 (incluído).

Grupo D: 33 años o más; personas deportistas nacidas a partir del 1 de xaneiro de 1991.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES
Expediente: Bolsas deportistas 2024

Segundo. Objeto

El objeto de esta convocatoria es apoyar la práctica y el rendimiento deportivo, tanto en relación al perfeccionamiento técnico y obtención de mayor rendimiento en las respectivas modalidades deportivas, como posibilitar su participación en eventos deportivos, facilitándoles a las personas deportistas de la provincia el acceso a una preparación integral idónea.

Tercero. Bases reguladoras

La convocatoria se regirá por las Bases reguladoras, que fueron publicadas en el BOP número 33, del 15 de febrero de 2024 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/02/15/2024_0000001045.html).

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 175.000,00€, con cargo a la partida 0612/3411/481 del Presupuesto ordinario para 2024. Las bolsas a conceder serán 50. Por un importe cada una de ellas de 3.500,00€.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base 6, de las Bases reguladoras.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y **finalizará a las 14:00 horas del día 15 de marzo de 2024.**

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las bolsas finalizará el 1 de abril de 2025, a las 14:00 horas.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sed electrónica de la Diputación provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>